

Exposicións de artes visuais

Para contribuír a garantir o exercicio dos dereitos culturais, artísticos, expresivos e representacionais das persoas privadas de liberdade, así como das institucións que traballan en centros penitenciarios, centros de internamento de menores e hospitais psiquiátricos, diferentes artistas están a realizar traballos que serán presentados en diversos formatos expositivos (inclúe proxección con música de piano en directo): as persoas, os espazos, contraprácticas culturais...

CONSTRUÍNDO SOÑOS

Rúas da zona vella de Santiago de Compostela
Begoña Bah, Vari Caramés e Rubén Vilanova

Ao longo do 2012 iniciamos contactos con varias organizacións e institucións vinculadas coa nenez, a discapacidade, a enfermidade etc. Produto destas relacións móstranse varios proxectos expositivos, empregando a fotografía como soporte, baseados nun traballo de investigación e reflexión sobre a realidade de diferentes colectivos que teñen dificultades de acceso ao espazo público, tanto en relación coa mobilidade como coa representación. Esta exposición pretende contribuír a garantir o exercicio dos dereitos culturais, artísticos, expresivos e representacionais de menores con capacidades diversas que sofren exclusión social.

CONTRAPRÁCTICAS CULTURAIS Mostra nos Espazos das rúas antigas de Santiago durante o festival

Lugar: A determinar.

Mostra composta pola recompilación de traballos plásticos, visuais, musicais, literarios, escénicos etc realizados polo alumnado dos proxectos de centros de menores, centros de reforma e dos nenos e nenas de La Pequeña Bauhaus. Os e as menores encargaranse de explicarlle ao público este proxecto.

Actividades formativas

OBRADOIRO DANZA

Escola de danza Can Cun Quin Que
Roda de Brion 5 baixo

Como forma de incentivar o coñecemento, o desenvolvemento de habilidades de todo tipo e o empoderamento das persoas e colectivos que se atopan ou ben excluídos do espazo público por razóns médicas ou legais ou ben que teñen dificultades para moverse ou expresarse nel, o proxecto Ourense asume a realización dunha serie de obradoiros, seminarios e actividades para xerar un contacto entre artistas, mediadores/as e educadores/as e diferentes colectivos en exclusión.

OBRADOIRO DE FLAMENCO

José Galán

Do 22 ao 26 de xuño 18:00 a 20:00 h

OBRADOIRO DE DANZA INTEGRADA

Leo Rodríguez e Carlota Pérez

15 ao 19 de xuño de 20:00 a 22:00 h

Taller destinado a persoas con e sen diversidade funcional co fin de crear un material exploratorio que se mostrará na Cidade da Cultura dentro do encontro.

EQUIPO DO PROXECTO

Dirección artística: Carlota Pérez.

Coordinación: Equipo De La Pequeña Bauhaus e Yessmin Lebeilli. **Produción:** Mayka González. **Deseño de comunicación, folleto e catálogo:** Olalla Rodríguez.

Patrocinan e colaboran.



centro
dramático
galego

AGADIC




Axencia Galega das
Industrias Culturais



fundación cidade
da cultura de galicia



XUNTA
DE GALICIA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



experimentacultura